

Aula Profesional: "Formación en competencias informacionais Enxeñaría Química"

Este curso corresponde ao modelo establecido na Universidade de La Laguna, produto da firma dun convenio de cooperación entre as universidades de La Laguna, Zaragoza e Santiago de Compostela, o curso está traducido ao galego e adaptado ás características propias de cada titulación onde se imparte.

Organización

Datas	Actividade	Instrucións
13-14 setembro	Inscripción (peche ás 24h do día 14 setembro)	Ir a http://aula.cesga.es e darse de alta como usuario. Ir a "Páxina principal campus->Xestión de cursos->->Buscar->Categoría Universidade" e inscribirse no curso " Formación en competencias informacionais Enxeñaría Química "
15 de Setembro 12:00-14:00 Aula A.2 ETSE	Sesión presencial	A directora da Biblioteca da ETSE, Gracia M. Frutos Martínez, fará unha presentación dos obxectivos e do funcionamento do curso.
15-16 setembro	1. Antes de empezar... 2. Enquisa inicial (peche ás 24h do día 16 de setembro)	Datos persoais Enquisa inicial de coñecementos básicos.
19-30 setembro	Realización do curso (peche ás 24h do día 30 de setembro)	Disponibilidade de tódolos módulos, tests e actividades do curso
3 -4 outubro	1. Test de autoavaliación final 2. Enquisa de satisfacción (peche ás 24h do día 4 de outubro)	Enquisa de autoavaliación final Enquisa de satisfacción: axúdanos a mellorar

O curso estará dispoñible durante dez días

e para realizalo necesitas entre 6 e 10 horas aproximadamente, sempre dependendo das túas habilidades previas e do tempo que dediques á lectura de cada apartado.

Na carpeta documentos tedes a vosa disposición unha "**Guía de uso da Aula Cesga**" como manual de axuda para consultar calquera dúbida sobre o funcionamento da plataforma Chamillo sobre a que se desenvolve o curso.

Os **foros** constitúen un instrumento fundamental de intercambio de información entre os participantes do curso e a titora. As achegas emitidas neste medio quedarán reflectidas na plataforma durante todo o curso. Calquera dúbida exposta no foro de dúbidas ou directamente á titora será respondida nun prazo máximo de 48 horas, tendo en conta que as fins de semana e días festivos non son lectivos.

Cualificación

A cualificación final será: "apto" ou "non apto". Para obter a cualificación de "apto" é necesario:

- Realizar todas as tarefas e tests de autoavaliación. A cualificación media entre todos debe ser superior a 5.
- Participar no Foro de debate polo menos unha vez ó longo do curso.
- Se certificará o curso a aqueles que o superen con "apto".

OBXECTIVOS XERAIS e COMPETENCIAIS

Obxectivos xerais

1. Que o alumnado chegue a adquirir as habilidades e destrezas para planear unha busca de información, localizar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo coas súas necesidades ou problemas informacionais.
2. Que o alumnado asuma que saber xestionar información é unha práctica que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo e a realización de traballos académicos con metodoloxía científica e que ten que constituír unha práctica transferible a todo o seu traballo formativo, investigador, profesional e cotiá ó longo da vida.

Obxectivos competenciais

1. Recoñecer a importancia que ten a adquisición de habilidades na busca e uso da información para os estudos universitarios.
2. Saber qué é unha fonte de información e coñecer os diferentes tipos.
3. Aprender a definir as diferentes necesidades de información e avaliar a información atopada.
4. Ser capaz de facer buscas bibliográficas pertinentes no Catálogo da biblioteca.
5. Saber interpretar a información que o Catálogo ofrece para cada documento.
6. Utilizar axeitadamente os operadores nas estratexias de busca de información.
7. Coñecer os distintos tipos de recursos electrónicos que ofrece a web da biblioteca.
8. Aprender a acceder ós recursos electrónicos que ofrece a biblioteca.
9. Aprender a atopar información de calidade na Internet.
10. Avaliar correctamente a información que atopamos na Internet.
11. Comprender a importancia de facer uso responsable, ético e legal da información que se utiliza para realizar un traballo académico.
12. Aprender a recoñecer as citas bibliográficas correspondentes ós distintos tipos de documentos de acordo cun sistema normalizado.
13. Aportar unha metodoloxía básica que sirva para a elaboración e presentación dun traballo de clase.
14. Saber qué son e para qué serven as redes sociais.
15. Aprender a xestionar a túa identidade dixital sen riscos.

CONTIDOS

Os contidos axustaranse ós obxectivos competenciais do programa e ó nivel establecido:

- Qué significa ter competencias en información.
- A biblioteca como fonte de información e aprendizaxe: a web da BUSC.
- Cómo afrontar un tema para un traballo académico.
- Tipoloxía documental e fontes de referencia.
- Termos de busca: descritores e estratexias.
- Fontes documentais: Catálogo BUSC, base de datos de DIALNET e recursos en Internet: uso de Google.
- Criterios de avaliación da información e metodoloxía de análise.
- Cómo organizar a información para redactar un tema evitando o plaxio e utilizando normas de citación establecidas.